



Resolución de Alcaldía.- Convocatoria da mesa de contratación de "CONTROL DE ACCESOS A CASCO HISTORICO DE TUI".

A Xunta de Goberno Local do Concello de Tui en sesión celebrada o 3 de outubro de 2013, acordou, entre outros, aprobar a contratación de "Control de accesos a Casco Histórico de Tui", cun orzamento total de licitación de 66.363,51€ (Base: 54.845,88€. IVE: 11.517,63€), de conformidade co proxecto técnico redactado polo aparelador municipal, que tamén se aproba.

Publicado anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia e Perfil do Contratante con data 16 de outubro 2013, remata o prazo de presentación de propostas o día 31 de outubro 2013.

Rematada a presentación de propostas, preséntanse á licitación as seguintes empresas:

- SERVICIOS Y TECNICAS CASAMORE, SL, con enderezo en r/ Juan Florez, nº 8-1º, 15004 A Coruña.
- TECNOLOGÍAS PLEXUS, S.L., con enderezo en / José Villar Granjel, nº 22-24 Pol Boisaca, 15890 Santiago de Compostela.

Con data 7 de novembro de 2013 constitúese a Mesa de contratación para a apertura do sobre A, documentación administrativa.

Comprobados os documentos aportados polas empresas e requisitos esixidos na licitación a Mesa de Contratación acorda admitir a tódalas empresas presentadas.

Aos efectos de continuar co procedemento legalmente establecido e de conformidade co prego de cláusulas administrativas, esta Alcaldía-Presidencia, no uso das competencias conferidas pola lexislación vixente, **RESOLVE:**

PRIMEIRO.- Convocar á Mesa de Contratación, en acto público, para o vindeiro, **luns, día 11 de setembro, ás 09:30 horas** para apertura do sobre nº 2 OFERTA ECONÓMICA, en cumprimento da cláusula 11º do prego de cláusulas administrativas que rexen a contratación.

SEGUNDO.- Facer pública a presente convocatoria mediante a súa publicación no Taboleiro de anuncios do Concello e no perfil do contratante.

TERCEIRO.- Dar traslado da presente Resolución de Alcaldía dos membros da Mesa de Contratación designados, ós Departamentos de Secretaría e Intervención e ó Pleno Corporativo na vindeira sesión que se celebre.

Mándoo e asínoo en Tui a 8 de novembro de 2013.

O Alcalde-Presidente

Asdo. Moisés Rodríguez Pérez

Dou fe,
A Secretaria do concello

Asdo. Irene Suárez López



EXCMO. CONCELLO DE TUI

Praza do Concello, nº 1 – 36700 – Tui

Telef: 986 603 625 – Fax: 986 600 570
